



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 02.10.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.05 h. do 04.09.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora municipal:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que dá conta do escrito do grupo municipal socialista, con rexistro de entrada 8819/2014 do 30.09.2014 no que expón:

“Que o grupo municipal do PSdeG-PSOE adoptou a decisión de reestruturar a súa organización e efectuar os nomeamentos que se relacionan de seguido:

Voceiro: Don Atón Lois Noceda Carballo

Vicevoceiro: Don Iván Puentes Rivera

Secretario: Don José Antonio López Rodríguez”

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 03.07.2014

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que na páxina 37, na derradeira intervención, onde di: “Falou cuns veciños de Limodre...”, debe dicir: “Falou cuns veciños de Sillobre”.

O alcalde declara aprobada a acta da sesión ordinaria do 03.07.2014 coa rectificación feita pola concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que na páxina 37, na derradeira intervención, onde di: “Falou cuns veciños de Limodre...”, debe dicir: “Falou cuns veciños de Sillobre...”.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 867/2014 á 969/2014

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta dos estados demostrativos da xestión recadatoria (executiva e voluntaria) do exercicio 2013 correspondentes aos tributos e prezos públicos delegados na Deputación Provincial da Coruña

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que roga que se lles achegue unha comparativa dos anos anteriores cando a recadación a facía o Concello coa recadación que fai agora a Deputación.



Contéstalle o alcalde que non hai ningún problema en facilitala.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que teñen detectado que a Deputación ten cometido erros nalgúns Concellos polo que quere saber si o Concello ten feito algún traballo de comprobación do traballo feito pola Deputación. Contéstalle o alcalde que esta documentación acaba de chegar e pensa que aínda non se fixo nada. Non obstante as porcentaxes de recadación de executiva e voluntaria son moi boas. O concelleiro de Facenda di que as porcentaxes de recadación son altísimos e os servizos técnicos municipais están moi satisfeitos.

Os concelleiros danse por informados.

4. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para solicitar o rexistro do Concello no dominio .gal

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 4 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP, na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade realizada o 26.09.2014:

“MOCIÓN PARA SOLICITAR O REXISTRO DO CONCELLO NO DOMINIO .GAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No marco da actual sociedade da información o que non está na internet non existe. A comunidade galega no mundo, a nosa lingua e a nosa cultura xa gozan dunha marca propia con que identificar todos os contidos que xeramos na Rede e, así, facérmonos máis visíbeis dentro deste espazo de comunicación global. O .gal é o dominio que nos corresponde como comunidade con fortes vínculos lingüísticos, culturais, históricos e sociais. Unha especie de sufixo con que identificamos nas internet as páxinas escritas en galego e que se dirixen á sociedade galega nas súas comunicacións en liña e que, tendo en conta a dispersión do pobo galego no mundo, non se circunscribe a un ámbito territorial concreto. Tecnicamente viábel e económica, social, lingüística e culturalmente rendíbel, o .gal encádrase nos dominios patrocinados de primeiro nivel.

O dominio é xestionado pola Asociación PuntoGal e os ingresos económicos que se producen pola súa actividade serven para o mantemento do propio dominio e, no caso de se produciren beneficios, estes son investidos no fomento da lingua e cultura galega dentro do ámbito das novas tecnoloxías.

O dominio .gal fai que se poidan localizar os contidos destinados ao público galego ou referentes á sociedade galega de xeito máis rápido, poderanse organizar os contidos en galego na rede de xeito máis eficiente e as institucións poden presentarse perante o público galego dun xeito máis próximo. O dominio galego axudará a consolidar unha comunidade galega na internet, o .gal permitirá facer visíbeis os produtos, a cultura e a comunidade galega no mundo e contribuirá ao uso e fomento das novas tecnoloxías por e para a sociedade galega.

De cara a un funcionamento regular do sistema de rexistro de nomes de dominios co sufixo .gal foi preciso establecer unhas fases que garantiran un correcto funcionamento e estabilidade do sistema e que tanto as entidades públicas como privadas puidesen protexer debidamente as súas marcas tanto comerciais como de utilidade pública, polo que se estableceron uns períodos de rexistro moi diferenciados que comprenderon unha fase previa que foi denominada Programa Pioneiros. Este programa permitiu poñer na Rede un grupo reducido e significativos de dominios e deu paso á segunda fase en que se porán en marcha os Programas Abrente ou Sunrise xunto ao Programa Carreira ou Landrush, previos á terceira fase de apertura xeral en que todo o mundo poderá rexistrar o seu dominio .gal.

Segundo os prazos que se deseñaron para rexistrar os dominios .gal, o Programa Pioneiros púxose en marcha para un grupo reducido de páxinas web baixo unhas condicións especiais. Durante o pasado mes de xuño recibíronse solicitudes na Asociación PuntoGal e, tras seren peneiradas e aceptadas, só noventa e tres delas entraron en funcionamento o 25 de xullo.



A seguir, na Fase de Lanzamento, ábrese o período coñecido como Abrente ou Runrise que permitirá que aquelas entidades tanto públicas como privadas poidan exercer o seu dereito preferente de solicitaren un dominio. Esta fase desenvolverase entre os meses de setembro e novembro. Simultaneamente ao Abrente desenvolverase o procede de Carreira ou Landrush, en que aquelas persoas interesadas en dominios sen prioridade de especial interese poderán ter a súa oportunidade de solicitalo.

Finalmente daráselle paso á Fase Aberta, en que se abrirá o rexistro libre de dominios para o público xeral e que comezará a funcionar arredor de decembro.

Asemade hai que facer fincapé no feito de que máis alá dun beneficio económico (porque o dominio e as web .gal tributarán en Galiza), este paso suporá unha maior proxección no eido dixital e servirá para que o noso país se vexa no mundo.

Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Instar o Goberno municipal para que rexistre o seu enderezo .gal nos prazos establecidos pola asociación que xestiona o dominio galego.
- 2.- Instar o Executivo municipal para que estableza un plan local de promoción entre as diferentes entidades e asociacións locais co obxecto de que comecen a mudar as súas páxinas web cara ao .gal, incluíndo o preceptivo asesoramento para a migración de todos estes enderezos cara a este novo dominio que nos identifica como país.
- 3.-Instar o Goberno local a fin de que xestione unha liña extraordinaria de axudas destinadas ás entidades e asociacións municipais para facer fronte á tarifa da Asociación PuntoGal que se publicará como "prezo normal" ao longo do mes de setembro."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que estes días ábrese os prazos para solicitar os dominios .gal e por iso presentan esta moción. Actualmente o custe dun dominio é duns 75 euros aproximadamente, aínda que hai moitos xeitos de facelo e dependendo dos servizos e dos intermediarios isto pode oscilar. Non obstante un dominio con aloxamento e contas de correo, sen ir ao máis barato, pode ir ata os 180 euros anuais. Tamén para entidades como o Concello, que xa teñen páxina web e correos, o que fan é redireccionar os correos, o que pode supor un aforro. Pensa que o Concello debe estar aloxado nun .gal e incluso axudar ás entidades a mudar, porque trátase de cantidades pequenas.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rodríguez, que di que van votar a favor da moción. É unha oportunidade de que o Concello contribúa por unha boa causa, como é o .gal, e evitar cousas que ocorreron no pasado xa que actualmente a páxina web municipal non pode ser .es ou .org, ou ter un nome un pouco estraño ou pouco intuitivo. Este período de exclusividade para as entidades cara a ter preferencia á hora de escoller o dominio .gal permite reservar un ou máis dominios, pero suxire que entre os que sexan, de ser o caso, se reserve o fene.gal, que sería o dominio natural e lóxico como institución que representa ao municipio e aos cidadáns.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparten o sentido da moción e comparte o dito anteriormente. Tamén lle parece ben que se colabore coas entidades e asociacións para face fronte a novos dominios. Por todo isto votará a favor.

Seguidamente intervén o alcalde que considera que a moción é asumible e votarán tamén a favor. Tamén se falará coas entidades ao respecto e se fará a correspondente modificación de crédito, se é o caso, para poder asumir este gasto.

Sometido o asunto a votación foi aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

- 1. Instar o Goberno municipal para que rexistre o seu enderezo .gal nos prazos establecidos pola asociación que xestiona o dominio galego.**



2. Instar o Executivo municipal para que estableza un plan local de promoción entre as diferentes entidades e asociacións locais co obxecto de que comecen a mudar as súas páxinas web cara ao .gal, incluíndo o preceptivo asesoramento para a migración de todos estes enderezos cara a este novo dominio que nos identifica como país.

3. Instar o Goberno local a fin de que xestione unha liña extraordinaria de axudas destinadas ás entidades e asociación municipais para facer fronte á tarifa da Asociación PuntoGal que se publicará como "prezo normal" ao longo do mes de setembro.

5. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha.

6. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Esta semana convocóuselles a un Pleno extraordinario o luns que levaba contidos importantes e sería desexable ter máis tempo para coñecer e estudar a documentación. Logo convocóuselles para este Pleno que case ven baleiro de contido. Isto é unha mostra do desinterese e da falla de consideración do grupo de goberno obrigándolles aos concelleiros a decidir os temas importantes con moita celeridade e que as cuestións menos transcendentales vaian aos plenos ordinarios. Rógalle ao goberno que organice mellor os tempos e que sexa capaz de dotar de contido real os Plenos ordinarios, que os extraordinarios sexan só para as cousas realmente urxentes e non para a falla de previsión.

Contéstalle o alcalde que o Pleno extraordinario se tiña que realizar para poder aprobar a conta xeral antes do 30.09.2014 e se hai expedientes que esixen publicación, pensa que é razoable aprobalos canto antes.

- Roga que se faga especial vixilancia entre os bloques 11 e 12 de San Valentín dos aparcamentos dos coches nesta zona. Roga que se faga unha nova campaña para evitar que os viandantes se vexan afectados.

- Roga que se atenda a petición feita por algúns veciños ao concelleiro de Seguridade para que se inste novamente ao Ministerio de Fomento para colocar algunha sinal de velocidade limitada a 50 km/h no tramo que vai dende o cruce de Fene ata Santa Ana.

- Roga que se solucione o problema que teñen os postes dun columpio do parque infantil do colexio Curros Enríquez que representan un perigo certo.

- Roga que se convoque o Consello Escolar para estudar a situación na que están os colexios e en especial as deficiencias que teñen.

- Lembra que hai 2 meses que teñen pedidas as certificacións dos parques infantís arranxados no último contrato de mantemento do Concello e que aínda non se lles facilitaron. Roga que se atendan o antes posible.

- A finais de xuño un camión de Erosqui provocou o derribo dun muro dun veciño e duns tubos quitamedos á altura do núm. 38 da rúa Alta. o 15.09.2014 o muro do veciño estaba solucionado, logo de que lle solicitara ao seguro o seu arranxo. Na Comisión de Urbanismo o concelleiro de Servizos díxolles que aínda non iniciaran ningunha actuación ao respecto e o 30.09.2014 comprobaron que se comezou o arranxo e que onte se rematou. ¿A costa de quen se fixo esa actuación e cales son as causas de que o Concello actúe moito máis lento que os particulares?.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Painceiras, que di que tomaron a decisión de reparalo co persoal do Concello e que logo se lle pasará o custe ao seguro.



- ¿Ten o goberno información sobre o apagón que se produzo dende a igrexa de Fene ata a ponte das Pías a noite pasada?.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que saltou o automático, que ten unha reactancia que non se reactivou. Espera que non volva suceder.

- Respecto dos parques infantís, lémbrale ao goberno municipal, que non hai un só parque infantil que cumpra a normativa vixente. En relación co último contrato de mantemento de parques infantís queren facer algunha pregunta máis, naquel contrato reparábanse 6 ou 7 parques infantís e se tiñan que facer as correspondentes certificacións de que cumprían a normativa vixente. Esa obra está certificada e pagada e aínda non lles deron aqueles certificados que teñen pedido. ¿Teñen constancia real e efectiva os membros do goberno de que esas certificacións se fixeron en tempo e forma?. Se non é así, ¿teñen constancia de que están feitos?. Se están feitos, ¿porque non llos entregan?. Se non están feitos, ¿que actuacións teñen pensado facer para que se entreguen o antes posible?.

Contéstalle o alcalde que isto xa o ten preguntado por escrito e así se lle responderá tamén por escrito.

- En relación coa praga de ratas, ¿en que consiste o plan especial que se está a facer?.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que levan unha semana, sobre todo na zona de San Valentín, que consiste en colocar varios puntos de cebo.

- Hai unha petición do BNG de hai uns meses de saber o gasto en avogados por parte do Concello. Queren sumarse á esa pregunta e que lles faciliten tamén esa información.

Contéstalle o alcalde que se lle facilitará a mesma documentación que se lle deu ao grupo municipal do BNG.

- Quen foi o axente encargado da limpeza das gabias pois teñen constando que tamén se encargaron de talar e debastar os valados. ¿Quen o fixo, baixo que supervisión e baixo que dirección?.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que a limpeza das gabias a fixo unha empresa, Rico Cabañas, e que non tivo queixas dela, de feito esta é a primeira queixa que escoitou.

- O pasado Pleno solicitaron o arranxo da wifi dalgunha zonas do Concello, ¿teñen algunha xestión realizada?.

Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que a empresa que fixo a instalación pide unhas condicións para facer o mantemento inadmisibles, polo que solicitaron outras ofertas. Ata o de agora chegou unha que se está a valorar tecnicamente. Cando teñan as ofertas procederase a contratar o mantemento.

- Sobre o PXOM, o regulamento do campo de fútbol e os pasos elevados da vía do tren avanza que lles preguntarán no vindeiro Pleno.

- Navantia anunciou a marcha da construción de 8 bloques da ría de Ferrol cara ao estaleiro de San Fernando. ¿O alcalde ou o Concello ten previsto algunha actuación institucional para defender a carga de traballo na comarca?.

Contéstalle o alcalde que fixo unhas declaracións bastantes claras e explícitas en Onda Cero, nun programa especial de Coruña en la Onda e esas declaracións saíron en 3 ou 4 informativos. Ademais este luns no Pleno da mancomunidade, a solicitude do alcalde de Mugaros e apoiado por el mesmo, achegóuselles un acordo da Mancomunidade a todos os grupos parlamentarios. Dille que se considera que debe facer algunha declaración máis non terá problema ningún en facelo.

- Logo de ver os problemas de seguridade viaria na N-VI na curva de Santa Ana roga que se inste ao Ministerio de Fomento para que analice os problemas da zona, que revise o firme e a sinalización viaria para evitar que isto se volva reproducir.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga unha maior dilixencia á hora de convocar os plenos extraordinarios. É certo que o outro día había que realizar o pleno extraordinario pero, dun punto concreto pasouse a 11 puntos e a documentación houbo que recollela o venres. Isto ao seu grupo dificultalle as cousas, sobre todo cando días despois hai un pleno ordinario.



- Rógalle ao alcalde para que os actos que organiza o Concello se siga utilizando o galego como idioma único ou, polo menos, principal. No FeneRock, acto que pasou a organizar o Concello, os carteis foron en castelán. Mañá vai ter lugar a inauguración na Casa da Cultura dunha exposición e os carteis tamén está en castelán.

- Roga que lle faciliten a acta do fenés do ano para saber cales foron as propostas que se fixeron, quen as fixo e como foi a elección.
Contéstalle o alcalde que se lles achegará a acta do xurado.

- Reciben moitas queixas de veciños pola limpeza de fincas. Roga que as solicitudes de veciños para que se procede á limpeza das fincas se axilicen ao máximo cara a evitar problemas.
Contéstalle o alcalde que a mellor recomendación que se lle pode facer aos veciños que presentan estes escritos é que antes de facelo suban á oficina técnica para identificar ás fincas, porque moitas veces presentan escritos sen identificación.

- ¿Cal foi o custe da Festa Mariñeira e as facturas que se pagaron?.
Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que segundo lles dixo na Comisión, tan axiña como coñeza todos os detalles llo facilitará.

- ¿Cal é o prazo de execución das obras da praza Verde de Perlío?.
Contéstalle o alcalde que son 15 días hábiles.
O concelleiro Juventino José Trigo Rey pregunta entón que vai ocorrer coa carreira prevista.
A concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, di que as obras rematarán completamente en 3 semanas, pero a carreira vai saír da praza Verde como estaba prevista e non haberá ningún problema.

- ¿Comezaron as obras do muro e das escaleiras da escola de Chamoso?.
Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que estas obras xa están avanzadas. Onte foron co aparelador para ver a zona e facer unha memoria respecto da rampla de acceso, para que cumpra a normativa. A rampla vai ir pola dereita, xunto ao muro que se vai facer novo. Para a semana debería quedar listo.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se reparen as marquesiñas antes de que comece o inverno. Quere facer especial fincapé na marquesiña de Centieiras que se usa para o transporte escolar.

- Os banquiños do Campo dos Pinares estaban rotos e presentan perigo. Roga que se retiren os cristais.

- Recibiron queixas do alumeado do campo de fútbol dos Pinares que sofre apagóns. Roga que se arranxe.

- Respecto do convenio de Cáritas, que se dixo na Comisión que estaba no Concello para a súa revisión antes da súa sinatura e, aínda que non está de acordo coa partida que se adxudica, roga que se lle pague, xa que a xente que vai a Cáritas derivada do Concello, non se pode atender por non dispor de cartos.
Contéstalle o alcalde que este convenio está pendente unha pequena modificación para logo pasar á sinatura.

- ¿A campaña de desratización céntrase exclusivamente no casco urbano ou afecta a outras parroquias?. Na zona do peirao de Barallobre segue a haber as mesmas queixas que había.
Contéstalle o concelleiro de Servizos, Jose Andrés Serantes Panceiras, que a campaña de desratización se fai en todas as parroquias pero estase dando prioridade segundo os partes que recibe a Policía Local.

- Quérese sumar á petición de convocatoria do Consello Escolar. Saben que a mestra de Limodre mantivo unha reunión coa Consellería de Educación e non saben o resultado daquela.
Contéstalle o alcalde que se convocará este mes.



- Respecto da limpeza das gabias di que recibiron queixas de que as limparon e tamén os xardíns e demais.

Contéstalle o alcalde que non recibiron ningunha queixa.

- Roga que lle faciliten a acta do fenés do ano e o custe da Festa Mariñeira. Roga cara o futuro que as actividades, as actas das actividades ou os custes das actividades se leven ás Comisións correspondentes e non ter que estar solicitando este tipo de información.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20.05 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García